

Estimado señor Bragado:

Os principais administradores e usuarios activos da Galipedia poñémonos en contacto con vostede na súa calidade de presidente de Asociación Galega de Editores para solicitarlle a colaboración da entidade no proxecto colaborativo da Galipedia, unha enciclopedia de acceso libre e de balde creada en lingua galega que nestes momentos conta con máis de 68.000 artigos.

Un dos problemas co que nos atopamos no noso día a día é a falta de imaxes publicadas cunha licenza que permita o seu uso nesta enciclopedia. Este problema é maior nos artigos sobre libros e escritores contemporáneos, posto que por motivos legislativos resulta moi complicado conseguir este tipo de imaxes.

A nosa petición consiste en que vostedes publiquen as portadas dos libros que editan así como as fotografías dos seus escritores baixo unha licenza compatible cos termos de uso da Wikipedia. Deste modo poderíamos incluílas nos artigos da Galipedia que teñan relación con tales obras e tales autores, e tamén noutros proxectos da Fundación Wikimedia. Estamos convencidos de que esta iniciativa será positiva tanto para a Galipedia como para vostedes mesmos, de feito estamos convencidos. Para isto teñen a posibilidade de escoller entre as seguintes licenzas copyleft:

- A GFDL, GNU Free Documentation License (Licenza Pública Xeral de GNU), que permite o uso dos contidos a condición que se manteña o recoñecemento ao autor orixinal, que se distribúa coa mesma licenza, é dicir GFDL, e que conteña o texto completo. Esta licenza úsase principalmente para textos e é a que se usa na Galipedia.
- A CC-BY, Creative Commons Attribution (Creative Commons recoñecemento), que permite o uso dos contidos a condición que se recoñezan os créditos da obra do xeito especificado polo autor ou polo licenciador.

- A CC-BY-SA, Creative Commons Attribution ShareAlike (Creative Commons recoñecemento compartir igual), que permite o uso dos contidos a condición que se recoñezan os créditos da obra do xeito especificado polo autor ou polo licenciador así como distribuír as copias coa mesma licenza, é dicir CC-BY-SA.

Ademais das licenzas mencionadas, existe tamén a posibilidade de publicar, liberadas, as imaxes no dominio público.

Pola nosa parte ofrecémoslle á AGE o noso asesoramento e colaboración en todo este proceso para facer que lles sexa o máis sinxelo posible. Esperamos que esta idea sexa do seu interese, e que acepten participar neste proxecto aberto a todos.

Un cordial saúdo,

Os administradores e usuarios activos da Galipedia